

CONVOCATORIA DE MOBILIDADE ERASMUS+ EN GRUPO PARA ALUMNADO DO CMUS PROFESIONAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1. Obxecto da convocatoria:

Convócanse doce (12) prazas de mobilidade Erasmus+ para o alumnado de Grao Profesional do CMUS Profesional de Santiago de Compostela. Esta mobilidade grupal ten como obxecto participar en aulas e concertos no Conservatório de Música de Aveiro Calouste Gulbenkian (Portugal).

2. Contexto:

A presente convocatoria responde á execución do proxecto Erasmus+ *Camiñando coa música: o camiño continúa*, activo no Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela entre o 1 de setembro de 2024 e o 31 de agosto de 2025. Trátase dun proxecto de curta duración KA122-VET, con código 2024-1-ES01-KA122-VET-000240885.

3. Obxectivos:

Os obxectivos do proxecto Erasmus+ especificado no apartado anterior son os seguintes:

- O1: Potenciar a motivación do alumnado, promovendo actividades internacionais no centro ou a mobilidade a centros asociados, para que o alumnado se converta en protagonista do proxecto.
- O2: Seguir potenciando a motivación do profesorado, incrementando o número de participantes con respecto ao proxecto actual planificando actividades máis diversas.
- O3: Ampliar a nosa rede de socios realizando visitas preparatorias, contactando con novos centros e invitando a expertos, para abrir novas fiestras de oportunidades.
- O4: Fomentar, visibilizar e difundir a importancia da música de cámara entre o alumnado do noso centro, mediante a realización de actividades directamente relacionadas con ela.
- O5: Incrementar o número de concertos e actividades que promove o conservatorio, para aumentar a nosa visibilidade, a captación de alumnado e conseguir unha sensación xeral de orgullo.

A presente convocatoria incide en todos os obxectivos anteriores, con especial énfase no O1 e O4.

4. Mobilidades:

4.1. Destino: a mobilidade terá como destino o Conservatório de Música de Aveiro Calouste Gulbenkian, en Portugal.

4.2. Datat: a mobilidade terá lugar o martes 22 e mércores 23 de abril de 2025. A viaxe de ida será na tarde do luns 21 de abril e a viaxe de volta na mañá do xoves 24 de abril.

4.3. Subvención: a cuantía da bolsa de estudos para cada alumna/o é de 529€. Esta bolsa divídese nunha partida de 285€ de apoio á viaxe en medios ecolóxicos e un apoio individual diario de 61€ durante catro días (dous de viaxe e dous de estancia en Aveiro). O CMUS Profesional de Santiago de Compostela farase cargo do transporte en autobús e a hospedaxe en Aveiro para o alumnado participante e o profesorado acompañante, deducindo da cuantía anteriormente citada a parte proporcional dos gastos de transporte e hospedaxe.

4.4. Pagamento da subvención: farase efectiva en dous prazos. O primeiro prazo cubrirá o 80% da bolsa e será pagado antes da realización da mobilidade. O segundo prazo cubrirá o 20% restante e será pagado unha vez o/a participante remate a mobilidade e cumprimente a enquisa *EU Survey* recibida no seu correo electrónico.

5. Presentación de solicitudes:

5.1. Prazos:

- Recepción de solicitudes: aberta dende o momento da publicación desta convocatoria na web do CMUS Profesional de Santiago de Compostela ata as 23:59 horas do xoves 13 de febreiro de 2024.
- Listaxe provisional de candidaturas: publicarase o venres 14 de febreiro de 2025. Abrirase entón un período de corrección de erros ata o martes 18 de febreiro de 2025 ás 23:59 horas.
- Listaxe definitiva de candidaturas: publicarase o mércores 19 de febreiro de 2025.

- Resolución provisional de candidaturas seleccionadas: publicarase o venres 21 de febreiro de 2025. Abrirase entón un período de reclamacións ata o martes 25 de febreiro de 2025 ás 23:59 horas.
- Resolución definitiva de candidaturas seleccionadas: publicarase o venres 28 de febreiro de 2025.

5.2. Forma: as solicitudes deberanse presentar por correo electrónico, enviando a documentación sinalada no apartado 8 da presente convocatoria á seguinte dirección:

erasmus@conservatoriosantiago.gal

Soamente en casos debidamente xustificados poderá presentarse a documentación en formato físico na secretaría do centro.

6. Proceso de selección de participantes:

6.1. Quendas de participación: existirán dúas quendas de participación, unha para grupos de música de cámara cursando actualmente a materia de música de cámara no CMUS Profesional de Santiago e outra para alumnado individual cursando Grao Profesional no CMUS Profesional de Santiago. A primeira quenda terá prioridade sobre a segunda.

6.2. Criterios de selección:

As candidaturas serán avaliadas en base aos criterios sinalados a continuación. A puntuación exacta de cada criterio pódese atopar no Anexo II desta convocatoria.

- Nota media do expediente académico do curso 2023/2024, ou no caso de alumnado de novo ingreso, nota media da proba de acceso realizada en 2024.
- Proxecto académico-artístico proposto: presentarase en forma de redacción cunha extensión mínima de 3000 caracteres e máxima de 5000 caracteres (incluíndo espazos).
- Apoio á inclusión de alumnado con menos oportunidades:
 - Alumnado con bolsa de estudos.
 - Outras casuísticas. As seguintes casuísticas están recollidas na estratexia de inclusión e diversidade do SEPIE (Servicio Español Para la Internacionalización de la Educación):
 - ID1: alumnado con discapacidade.
 - ID2: alumnado con dificultades de aprendizaxe.
 - ID3: alumnado con problemas de saúde.
 - ID4: alumnado de minorías étnicas.
 - ID5: alumnado en risco de discriminación por razóns de xénero, idade, orientación sexual, relixión, creencias ou discapacidade.
- Fomento da variedade de departamentos representados: unha vez feita a baremación das agrupacións, unha agrupación con puntuación inferior superará a outra con puntuación superior se se dan á vez as seguintes casuísticas:
 - Un ou máis dos seus integrantes pertencen a un departamento sen representación na selección final.
 - A diferenza de puntuación é menor ou igual a 1,5 puntos.

6.3. Órgano seleccionador: existirán dous tribunais. Por unha banda, un tribunal de valoración dos proxectos académico-artísticos recibidos, formado por catro

docentes do conservatorio seleccionados por azar entre o conxunto do claustro e un/unha presidente/a do tribunal designado polo equipo directivo. Cada integrante deste tribunal avaliará individualmente os proxectos. A cualificación final será a media aritmética das cualificacións individuais, eliminándose a cualificación máis alta e a máis baixa no caso de que difiran en máis dun punto. O profesorado titor e profesorado da materia de música de cámara do alumnado participante non poderá formar parte deste tribunal. Unha vez avaliados os proxectos, un segundo tribunal será o encargado de realizar a baremación final, sumar as puntuacións e levantar acta das resolucións correspondentes. Este segundo tribunal estará formado polos membros do equipo Erasmus+ e un docente máis escollido ao azar entre o profesorado do CMUS Profesional de Santiago.

6.4. Resultados definitivos e proclamación de candidaturas seleccionadas: a resolución do proceso de selección ordenará as candidaturas por orde de puntuación, de maior a menor. As doce prazas cubriranse en primeiro lugar coas candidaturas da quenda de grupos de cámara, por orde de puntuación de maior a menor. No caso de quedaren prazas vacantes ou de quedar un número de prazas dispoñibles inferior ao número de membros de calquera dos grupos restantes, estas prazas cubriranse coas candidaturas da quenda de solistas, tamén por orde de puntuación de maior a menor.

7. Requisitos de participación:

7.1. Quenda de grupos de cámara:

- Formar parte dun grupo de música de cámara que estea cursando a materia de Música de Cámara durante o presente curso 2024/2025 no CMUS Profesional de Santiago de Compostela.

- Para que a candidatura do grupo sexa admitida, todos e cada un dos seus membros teñen que presentar a documentación correspondente.
- Todos/as os/as integrantes do grupo deben ter aprobada a primeira avaliación na materia de Música de Cámara no presente curso 2024/2025.
- No caso de alumnado menor de idade, documento de autorización asinado por un titor legal.

7.2. Quenda de solista:

- Estar cursando Grao Profesional no CMUS Profesional de Santiago de Compostela durante o curso 2024/2025.
- Ter aprobada a primeira avaliación da materia de instrumento no presente curso 2024/2025.
- No caso de alumnado menor de idade, documento de autorización asinado por un titor legal.

8. Documentación para participar no proceso de selección:

8.1. Documentación obrigatoria:

- D1. Modelo de solicitude cumprimentado e asinado (Anexo I).
- D2. Certificado, expedido polo CMUS Profesional de Santiago, que faga constar a nota media do expediente académico do/a interesado/a correspondente ao curso 2023/2024.
- D3. Proxecto académico-artístico, cunha extensión mínima de 3000 caracteres e máxima de 5000 caracteres (incluíndo espazos). Pódese consultar a rúbrica de avaliación deste proxecto no Anexo III desta convocatoria.

- D4. Documento asinado polo pai/nai ou titor legal que autorice ao alumno/a a participar na mobilidade (aplicable soamente para alumnado menor de idade).

8.2. Documentación xustificativa de pertenza ao colectivo de alumnado con menos oportunidades:

- ID1: certificado de discapacidade ou certificado de ter aberto un proceso de recoñecemento de discapacidade.
- ID2: informe preceptivo dun equipo de orientación dun centro educativo ou delegación de educación.
- ID3: informe médico expedido polo centro de saúde ou autoridade sanitaria competente, que xustifique a necesidade dun apoio adicional por motivos de saúde.
- ID4: certificado de pertenza a unha minoría étnica, expedido polos Servizos Sociais e/ou resolución da condición de refuxiado.
- ID5: certificado da administración competente e informe dun departamento de orientación xustificando esta condición.

Toda a documentación deberá ser enviada por medios electrónicos, atendendo deste xeito ao principio básico de sosteñibilidade e responsabilidade medioambiental do programa Erasmus+. A documentación deberá ser enviada por correo electrónico á dirección erasmus@conservatoriosantiago.gal. En casos debidamente xustificadas, o equipo Erasmus+ autorizará a presentación de documentación en formato físico na secretaría do CMUS Profesional de Santiago.

9. Obrigas que adquire o alumnado seleccionado:

Os alumnos e alumnas que resulten seleccionados comprométense a realizar as seguintes accións, de obrigado cumprimento:

- Crear unha conta virtual Europass.
- Asinar a autorización para diseminación de imaxes por parte do CMUS Profesional de Santiago de Compostela.
- Participar nas xornadas de formación previas á mobilidade organizadas polo equipo Erasmus+ do CMUS Profesional de Santiago de Compostela.
- Colaborar na elaboración do acordo de aprendizaxe correspondente á súa mobilidade e asinalo unha vez completado. O acordo de aprendizaxe debe estar asinado polo alumnado participante antes dos 10 días naturais previos ao inicio da mobilidade.
- Asinar o acordo de subvención correspondente á súa mobilidade. O acordo de subvención debe estar asinado antes dos 10 días naturais previos ao inicio da mobilidade.
- Realizar a mobilidade.
- Durante a realización da mobilidade, asistir ás aulas programadas no Conservatório de Música de Aveiro Calouste Gulbenkian e participar nos concertos programados.
- Cubrir a enquisa *EU Survey* que a/o participante recibirá unha vez completada a súa mobilidade, nun prazo de 30 días contados a partir da recepción da enquisa no correo electrónico.
- Participar nas xornadas de difusión posteriores á mobilidade organizadas polo equipo Erasmus+ do CMUS Profesional de Santiago de Compostela.

10. Recoñecemento da mobilidade:

O alumnado participante nas mobilidades recibirá os seguintes documentos que recoñecen oficialmente a actividade realizada:

- Certificado de participación, expedido polo CMUS Profesional de Santiago de Compostela.
- Certificado de mobilidade Europass. A expedición deste certificado será levada a cabo polo CMUS Profesional de Santiago de Compostela.

11. Disposicións finais:

11.1. A participación neste proceso selectivo supón automaticamente a aceptación das súas bases.

11.2. Toda a información relacionada con esta convocatoria estará dispoñible na sección *Erasmus+* da páxina web do CMUS Profesional de Santiago de Compostela.

11.3. Todas as resolucións da presente convocatoria publicaranse na sección *Erasmus+* da páxina web do CMUS Profesional de Santiago de Compostela.

11.4. Calquera casuística non contemplada nestas bases será resolta polo equipo Erasmus+ en colaboración co equipo directivo.

En Santiago de Compostela, a 30 de xaneiro de 2025

Asdo,

Manuel López Jorge

(coordinador Erasmus+)